



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1211GJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-08-18 10:00

Sello o Certificación Mecánica

Número 37.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á contratación dun préstamo a longo prazo para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para 2018.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 24 de agosto de 2018, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

37 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA RELATIVA Á CONTRATACIÓN DUN PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL EN EXECUCIÓN DAS PREVISIÓN S ORZAMENTARIAS PARA 2018.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Facenda, de data 24.7.18, así como dos seguintes informes:

- Da viceinterventora, n° 455/2018, de 19 de xullo.
- Da viceinterventora, n° 459/2018, de 14 de agosto.
- Do tesoureiro, de 24.7.18.

A devandita proposta da concelleira delegada é do seguinte teor literal:

"PROPOSTA DE ACORDO

EXPEDIENTE: EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACION DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO PARA O FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL POR IMPORTE DE TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000 €) CON PREVIA APERTURA DE CRÉDITO.

DOCUMENTO: PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1211GJ		27-08-18 10:00

ÓRGANO: CONCELLARÍA DE FACENDA

O orzamento do Concello para o ano 2018, aprobado na sesión do Pleno de data 21 de febreiro e publicado no BOP de data 27 de febreiro (BOP número 40), prevé no orzamento de ingresos dentro das operacións financeiras no capítulo 9 -relativo ao financiamento procedente de emisión de débeda pública e de préstamos-, no artigo 91 -relativo a préstamos recibidos en euros-, no concepto 913 -relativo a préstamos recibidos a longo prazo de entes de fora do sector público-, a apelación ao préstamo por importe de tres millóns seiscentos mil euros (3.600.000,00).

No anexo de investimentos e transferencias de capital se recollen os proxectos de gastos e de transferencias así como o importe do préstamo que se destina a cada proxecto de gasto. A amplitude e diversidade dos proxectos fai difícil precisar tanto a data de inicio da execución como o período de vida útil que debe servir de base a fixación do período de amortización. Por estas razóns parece conveniente a previa apertura de crédito por un período de dous para a disposición gradual dos fondos en función do grado de execución dos investimentos e establecer o período de amortización en 10 anos.

A fin de determinar a súa viabilidade, a oficina orzamentaria facilitou a información relativa a:

- a- aprobación do orzamento.
- b- existencia de aforro neto positivo (nos termos do artigo 53 do TRLRFL e tendo en conta a liquidación do orzamento e, no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados)
- c- volume total do capital vivo indicando se excede ou non do 75% e do 110% dos ingresos correntes liquidados ou devindicados, tamén segundo as cifras deducidas do estados contables consolidados, con suxeición, no seu caso, ó TRLRFL e á normativa de Estabilidade Orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo se considerarán todas as operacións vixentes a 31 de decembro, incluído o risco deducido de avais e incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostas e no importe da operación proxectada ou proxectadas no 2018.

Iniciado o expediente para a concertación da operación de crédito solicitouse á Intervención municipal -que tamén ten as funcións contables- a información necesaria en relación co cumprimento das condicións de elixibilidade ao Fondo de impulso económico.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I1GJ	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 27-08-18 10:00

Recibida a información citada a Tesourería redactou a proposta de prego de prescricións e informou a operación.

Emitido o prego de prescricións, o informe de Tesourería, e requirido o informe da de Intervención que analizará especialmente a capacidade da entidade local para facer fronte no tempo as obrigas que da operación se deriven como o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito por importe de TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000,00) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2018

SEGUNDO.- aprobar o prego de prescricións."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación dun préstamo a longo prazo con previa apertura de crédito, por importe de TRES MILLÓNS SEISCENTOS MIL EUROS (3.600.000,00) para o financiamento dos investimentos e transferencias de capital en execución das previsións orzamentarias para o ano 2018.

SEGUNDO.- Aprobar o correspondente prego de prescricións.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández